

C

Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

2018 → 2019


MÉRCORES 17

ABRIL 2019

20.30 h

Auditorio de Galicia

Rubén Gimeno Director
Birgit Kolar Violín
Marta Infante Mezzosoprano



CONCERTOS
DE ABONO

)G(
Ano Gaos 2019

//Afundación
Obra Social ABANCA



CONSEJO DE
SANTIGO
Departamento de
Educación e Cidadanía



C
Compostela
Cultura

CTVG
CORPORACIÓN
PÚBLICA DE GALICIA

Deputación
DA CORUÑA

orga.
nistrum



SINFÓNICA
DE GALICIA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

XUNTA
DE GALICIA

Sala Mozart 19.45 h

CONvers@ndo con
RUBÉN GIMENO Director
JOAM TRILLO Compositor
MONTSE CAPELÁN Investigadora da USC

PROGRAMA

I

ANDRÉS GAOS (1874-1959)

Impresión nocturna (11')

Rosa de Abril / Au point du jour / La rose / Fleur mourante /
Premier Printemps! (orquestradas por J. Trillo) (15')

Marta Infante, mezzosoprano

Temporal (5')

II

RALPH VAUGHAN WILLIAMS (1872-1958)

Fantasia sobre un tema de Thomas Tallis (15')

ALBAN BERG (1885-1935)

Concerto para violín "Á memoria dun anxo" (22')

Andante, Allegretto

Allegro, Adagio

Birgit Kolar, violín

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 30 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que
desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Michal Ryczel
Anna Alexandrova
Victoria Jurov
Yulia Petrushevskaya
Ilya Fisher
Claudio Guridi
Daniel Kordubaylo

VIOLÍNS II

Nikolay Velikov *
Helena Sengelov **
Irina Gruia
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi
Elina Viksne
Gyula Vadaszi
Samira Ajkic

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Ionela Ciobotaru
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Ane Aguirre
Oxana Bakulina

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska *
Carlos García **
Thomas Piel
Ailsa Lewin
Millán Abeledo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Iago Lariño (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Sara Fernández (R)

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Andrea Álvarez (R)

SAXOFÓN

Pablo Coello (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Alejandro Valcárcel (R)
Javier Sánchez (R)

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Millán Molina (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Ana Pazos (R)

TROMBÓNS

David Rodríguez (R)
Iago Ríos (R)
Brais Molina (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Marta Rodríguez (R)
Javier Gómez (R)
Pablo Cabanelas (R)

ARPA

Alba Barreiro (R)

RUBÉN GIMENO

Director

Foi Director Titular da Orquestra Simfónica del Vallés desde 2009 ata a temporada 2015/2016. Asimesmo, foi Director Artístico da Xove Orquestra da Sinfónica de Galicia durante seis años, labor que simultaneou co posto de violinista da Sinfónica de Galicia.

Como Director convidado ten colaborado con boa parte das orquestras españolas, como a Orquestra Nacional de España, Sinfónica de Tenerife, Orquestra de Euskadi, Sinfónica del Principado de Asturias, Sinfónica de Bilbao, Sinfónica de Castilla y León, Orquestra de Málaga, Orquestra de Valencia, Simfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya, Orquestra Ciudad de Granada, Oviedo Filarmonía, Orquestra de la Comunidad de Madrid, Orquestra del Palau de les Arts e Orquestra del Gran Teatre del Liceu.

Fóra das nosas fronteiras ten dirixido as Sinfónicas de Norrköping e Gävle (Suecia), Orquestra de Cámara de Xenebra, Orquestra do MMCK (Xapón), Orquestra da Universidade de Maryland, SAMI Orchestra (Suecia) e a Orquestra Nacional de Colombia. Ten colaborado con solistas do talle de Lang Lang, Midori, Violeta Urmana, Steven Isserlis, Dimitri Sitkovetsky, Fazil Say, Gabriela Montero, Behzod Abduraimov, María Bayo, Michel Camilo...

A súa actividade no campo da lírica teno levado a dirixir as producións do Teatro Campoamor de Oviedo de *Marina*, *La Gran Vía* e *Agua*, *Azucarillos y Aguardiente*. Dirixiu *Cádiz* de Chueca xunto á Sinfónica de Galicia e *La del Soto del Parral* no Teatro de la Zarzuela. Ademais, desenvolve unha intensa colaboración dentro do ciclo “Ópera en Cataluña”, dirixindo *Os contos de Hoffmann*, *O elixir de amor*, *Nabucco*, *La bohème*, *Madama Butterfly* e *Goyescas*, entre outras.

Os seus inicios no eido da dirección viñeron da man do profesor James Ross, obtendo o Máster en Dirección de Orquestra na Universidade de Maryland. Con posterioridade estudou no Conservatorio de Estocolmo

co reputado mestre Jorma Panula, recibindo clases de directores como Alan Gilbert ou Essa-Pekka Salonen, obtendo o Diploma Superior en Dirección de Orquestra.

Ten gravado coa Orquestra Sinfónica de Euskadi para o selo Claves, dentro da súa serie de compositores vascos.

BIRGIT KOLAR

Violín

Naceu en 1970 en Waidhofen/Ybbs (Austria), onde, á idade de seis anos, comezou a estudar violín na escola de música local. En 1982 entrou na Universidade de Música de Viena, formándose co concertino da Orquestra Filharmónica de Viena, Rainer Küchl, e coa súa asistente, Jela Spitkova. Continuou a súa formación con Wolfgang Schneiderhan en Lucerna, Robert Masters en Londres e Josef Luitz en Viena.

En 1992 foi finalista e premiada no Concurso Internacional Yehudi Menuhin, onde deu un concerto baixo a batuta de Lord Menuhin. Ten ofrecido concertos como solista en varios festivais de Europa, Xapón e Sudamérica. Entre 1999 e 2008 tocou con membros da Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera e do Cuarteto de Cordas de Múnic. No ano 2009 fundou, xunto a membros da Filharmónica de Viena e da Sinfónica de Viena, o Seraphin Quartett Wien.

Birgit Kolar foi concertino da Orquestra Bruckner de Linz, da Orquestra Sinfónica de Viena e ata 2005 da Orquestra da Radio de Múnic. Como concertino ten sido convidada a varias orquestras europeas como a Orquestra Estatal de Baviera, Orquestra Sinfónica del Gran Teatre del Liceu, Filharmónica da BBC, Filharmónica de Bergen, Filharmónica de Copenhague... e toca con regularidade coa Orquestra Filharmónica de Viena.

Entre 2003 e 2009 foi docente na Universidade de Música de Viena e en 2011 na Universidade de Arte de Graz. Toca un violín Carlo Bergonzi (Cremona, 1723) da colección de instrumentos propiedade do Banco Nacional de Austria.

MARTA INFANTE

Mezzosoprano

Nacida en Lleida, realiza estudos superiores de Canto na Universidade de Ostrava (República Checa). Desde o inicio da súa carreira profesional céntrase no eido da música sinfónica, con atención especial á música antiga.

Colaborou con directores como Víctor Pablo Pérez, Jordi Casas, José Ramón Encinar, Josep Vila, Aldo Ceccato, Leon Botstein, Edmon Colomer, Carlos Kalmar ou Kees Bakels. E traballou coa Orquesta Nacional de España, Orquesta Simfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya, Orquesta de RTVE, Filarmónica de Málaga, Orquesta de la Comunidad de Madrid, Sinfónica de Madrid, Nacional de El Salvador e Sinfónica de la Región de Murcia, entre outras.

Mantén unha importante actividade liederística e xunto ao pianista Jorge Robaina realiza recitais en salas como o Teatro Calderón de Valladolid, Caixaforum de Barcelona, Fundación Juan March de Madrid, Teatro de la Maestranza de Sevilla e Palau de la Música Catalana, onde xuntos recibiron un premio no concurso "El Primer Palau" pola súa interpretación de Mahler e Dvorák.

No ámbito da música antiga ten cantado en numerosos países europeos e nas principais cidades de Sudamérica, Oriente Medio e Xapón. Tamén ten participado nos festivais máis importantes do noso país, actuando con grupos como La Caravaggia, Concierto Español, Orquesta Barroca de Sevilla, La Capilla Real de Madrid, Los Músicos de Su Alteza, Capella de Ministrers, Hippocampus, Acadèmia 1750, Collegium 1704 (República Checa) ou Anthonello (Xapón). Nestas ocasións ten sido dirixida polos directores máis relevantes do panorama actual, entre eles Enrico Onoffri, Federico Maria Sardelli, Paul Goodwin, Giovanni Antonini, Ottavio Dantone, Richard Egarr ou Rinaldo Alesandrini.

Tamén ten gravado para as discográficas Alpha, Glossa, Enchiriadis, EMEC e CDM. Entre a súa extensa discografía destacan: *Alto cantatas* de Telemann; "Tonos al arpa" xunto ao arpista Manuel Vilas; "Cantate

Contarini", cantatas barrocas venecianas, que foi galardoado co premio Prelude Classical Music en Holanda como un dos mellores discos de música antiga de 2010; *Amor aumenta el valor e Iphigenia en Tracia* de Nebra; e *Juditha Triumphans* de Vivaldi baixo a dirección de Ottavio Dantone. Xunto a Jorge Robaina publica en 2016 o CD "Dvorák Songs" para Ibs Classical.

Esta temporada debutou no Liceu de Barcelona na obra *L'enigma di Lea* de Benet Casablanca.

En maio de 2017, Andrés Gaos Guillochón, fillo do compositor Andrés Gaos, doou á Universidade de Santiago de Compostela, toda a documentación que, ao longo de máis de 50 anos, estivera recompilando sobre a figura do seu pai. O compromiso por parte non só da Universidade senón de diferentes institucións galegas, foi o de continuar o labor de difusión deste importante músico galego. Por esta razón, con motivo dos 60 anos do falecemento de Andrés Gaos Brea, estamos a conmemorar o ?Ano Gaos 2019? o cal inclúe edición de partituras, unha monografía, varias conferencias, unha exposición (que se pode visitar no Colexio de Fonseca até o 31 de maio) e 8 concertos, entre o que se atopa o da Real Filharmonía de Galicia que escoitaremos hoxe, cuxa primeira parte, está dedicada a Andrés Gaos.

O UNIVERSO MUSICAL DE ANDRÉS GAOS

Andrés Gaos Brea (1874-1959) nace na Coruña pero aos seis anos se traslada a Vigo, cidade na que o seu pai instala un Almacén de música, sucursal da que o tío do neno, Canuto Brea, tiña en Coruña. Á idade de once anos, e grazas aos grandes dotes que mostraba, trasládase a estudar ao Conservatorio de Madrid e, con quince, a Bruxelas. Aos ventiún anos emigrará a Arxentina, país no que vivirá - coa excepción dalgúns períodos - até o seu falecemento con case oitenta e cinco anos.

Todo este periplo vital, está presente na actividade creativa de Andrés Gaos, quen soubo absorber e facer súas as correntes dos países nos que viviu. É así como en *Rosa de abril*, está presente a música galega que bebeu na súa infancia e adolescencia, tanto a tradicional como a que ouvía nos salóns, como o que rexentaba o seu pai en Vigo. Nas Cancións en Francés, a *Melódie* francesa que tan ben aprendeu nos seus estudos de composición en Bruxelas e, á música do *Temporal*,

atopámola encadrada dentro do nacionalismo musical arxentino, do que Andrés Gaos foi un dos seus principais representantes.

Pero Andrés Gaos tamén compuxo obras dun carácter máis universal e unha proba diso é a súa *Impresión nocturna* para orquestra de cordas coa que se abre o presente concerto.

A orixe desta composición para orquestra de cordas está en 1937 ano en que se celebrou en París a *Exposición Internacional de Artes e Técnica da Vida Moderna*. Andrés Gaos, foi seleccionado polo Goberno arxentino como o encargado de seleccionar a música e de dirixir os dous concertos sinfónicos dedicados exclusivamente a compositores arxentinos. Entre o repertorio escollido estaban dúas obras da súa autoría: *Granada*, escrita en 1916 e a súa Sinfonía *En las Montañas de Galicia*, que terminará en 1919. Non cabe dúbida, con todo, que o balbordo que causou a súa designación levouno a cambiar de plans. Un bo número de detractores criticaban duramente que se deu o encargo a un músico que non era arxentino. Ante esta situación, Gaos debeu considerar inapropiado levar dúas obras con temática española (andaluza unha e galega a outra) e decidiu só manter en programa *Granada* e facer unha composición nova para a ocasión dun carácter máis universal: a súa *Impresión nocturna*.

Segundo conta o seu fillo nas notas para a súa biografía inconclusa, o proceso de xestación levoulle aproximadamente un mes. Afeito a compor durante o día, Gaos pechaba as portas e xanelas do seu estudo para «que a penumbra actuase como musa inspiradora». Foi estreada o 29 de setembro de 1937, na Sala Gaveau de París, pola Orquestra Lamoureux e, entre o público, estiveron figuras tan relevantes como José Ortega e Gasset e Gregorio Marañón.

Mostra do éxito alcanzado está en que a Orquestra Lamoureux a mantivo entre o seu repertorio. En vida do compositor, en Arxentina interpretouse con certa asiduidade e, na cidade de Nova York, foi programada en 1950 pola Scranton Philharmonic Orchestra, baixo a dirección de Frieder Weissmann. O grande aprecio que o propio Gaos tiña á obra pódese notar na solicitude que fixo, pouco antes de falecer, para que no seu velorio puxesen unha gravación da mesma.

Non cabe dúbida que estamos ante unha das mellores obras de Andrés Gaos, da que Adolfo Cipriota, compositor e antigo alumno de Gaos cando a escoita en 1940 dille o seguinte: «A idea fundamental, o desenvolvemento, a profunda emoción dos seus cantos, a variedade e riqueza da armonización que mantén palpitante unha plácida inquietude espiritual

–nunca dura– e a instrumentación insuperable que capta todo ese tesouro de inspiración, ofrecen ao oínte máis que unha impresión nocturna, unha serena contemplación de ceo estrelado, rico en suxestións e propicio a todas as máis belas fantasías da imaxinación».

As Cancións que ouviremos a continuación foron escritas orixinalmente para voz e piano. Para o concerto de hoxe, o compositor Joám Trillo, editor e un dos grandes divulgadores da figura de Andrés Gaos, realizou a pertinente orquestración.

Rosa de abril, trata dunha canción baseada no texto de Rosalía de Castro *Nasín cando as prantas nasen*, que o músico coruñés empregou a partir da edición que tiña na casa de Mar da Prata, lugar en que escribe a obra pouco antes de falecer, cando xa había máis de sesenta anos que emigrara da súa terra. O acomodo do texto á música, na prosodia e acentuación está perfectamente logrado polo autor e aínda mellorado coa segunda versión, na que cambia o compás dun 6/8 a un 12/8. O autor sèrvese do ritmo de muiñeira así como do uso habitual de pedal, que nos lembra ao rouco da gaita. Nesta versión, Joám Trillo, ademais da orquestración, introduciu algunhas repeticións necesarias para poder cantar todo o texto de Rosalía de Castro.

Das catro cancións francesas aquí presentadas, con excepción de *Premier Printemps*, que foi escrita con anterioridade, o resto foron realizadas por Gaos entre 1896 e 1909 para ser interpretadas pola súa primeira esposa, América Montenegro quen, ademais dunha reputada violinista, era cantante.

O estilo das cancións podemos encadralo dentro da *Melódie* francesa que aprenderá nas súas primeiras etapas en París pero, fundamentalmente, durante os seus estudos de composición con Françoise Gevaert en Bruxelas. Segundo se pode ver no manuscrito de *Premier Printemps* presente na Exposición, a obra foi feita «Para a clase de Gevaert en París» cando Gaos contaba apenas con 17 anos. Chama isto a atención pois a composición non parece realiza por un aprendiz, senón por un autor versado tanto no manexo da harmonía como no da melodía.

A última obra de A. Gaos que escoitaremos, o *Temporal*, trátase en realidade dun dos dous números meramente orquestrais da súa ópera *Amor vedado* escrita cara a 1915. O subtítulo da mesma «Ópera arxentina», non deixa lugar a dúbidas. Trátase dunha composición encadrada dentro do Nacionalismo musical arxentino. Composta para soprano, tenor, barítono, coro mixto, corpo de baile, banda e orquestra, a historia ocorre en Tucumán durante 1816, en plena Guerra de Independencia.

Ao longo da ópera recórrase a elementos do folclore, como a melodía da *Vidalita* da introdución, bailes populares ou o uso de vestimentas propios dos gauchos. O *Temporal* é un interludio instrumental que se presenta cando Arturo, o protagonista, descobre que a muller da que está namorado desde a infancia, é en realidade a súa irmá. O estado de desconcerto do tenor o seu espello no *temporal* que se desata na natureza e que é descrito, a modo de música programática, de maneira maxistral polos diferentes instrumentos da orquestra.

Á MEMORIA DUN ANXO

A *Fantasia sobre un tema de Thomas Tallis* coa que se abre a segunda parte do concerto de hoxe é a obra máis coñecida Ralph Vaughan Williams (1872-1958). Foi composta a raíz do encargo de Three Choirs Festival de Gloucester e estreada o 6 de setembro de 1910. Vaughan Williams tentou crear nas súas composicións un estilo propiamente inglés para o que se baseaba tanto no folclore (cuxo estudo para el significaba non atopar o novo, senón algo «que estivera escondido para nós») e nas obras de compositores académicos ingleses do século XVI. Neste caso baséase na terceira das nove melodías que Thomas Tallis escribira en 1567 para o salterio do arcebispo Matthew Parker. Nesta obra Vaughan mostra o seu gran coñecemento non só da música inglesa do século XVI senón, tamén, da música folklórica que se pode apreciar en forma en que desenvolve os temas e que o dotan dun estilo tan propio.

O *Concerto para violín* de Alban Berg (1885-1935) foi un encargo do violinista norteamericano Luís Krasner, quen estaba interesado en interpretar unha obra no novo estilo dodecafónico. Aínda que nun principio Berg non mostra moito interese –a composición da súa ópera *Lulú* tiña o completamente ocupado– finalmente accederá, pois Krasner convencerao que o concerto para violín serviría para mostrar que a música dodecafónica non era obtusa nin cerebral.

Ao pouco tempo, ocorrerá algo na vida persoal de A. Berg que influirá de maneira decisiva na obra. A filla de Alma Mahler, Manón Gropius, á que Berg quería coma se fose a súa propia filla, falece con apenas 18 anos. Isto lévao non só a dedicarlle o concerto «Á memoria dun anxo» senón tamén a estruturalo dirixido completamente a ela. Quería que nel se puidese apreciar a súa personalidade pero, tamén, que mostrase as etapas do seu sufrimento, a súa morte e a súa transfiguración.

É así como o primeiro movemento tenta expresar a personalidade de Manón, a súa vivacidade e as súas ganas de vivir. No segundo movemento preséntase o sufrimento, a morte

e a transfiguración. A primeira parte, áspera e especialmente disonante, mostran a enfermidade de Manón. Seguidamente introduce unha coral de Bach, cuxo texto «É suficiente! Señor, se é o teu gusto, libérame do meu xugo!» marca o momento da morte e, o só de violín final no rexistro máis agudo, simbolizará a súa transfiguración, o ascenso de Manón ao ceo.

Cando compuxo esta obra, A. Berg atopábase xa enfermo, falecendo catro meses despois, en concreto o día de Nadal de 1935. Por esta razón, cando a obra se estrea en Barcelona o 19 de marzo de 1936, o que ía ser un réquiem por Manón Gropius terminará converténdose no seu propio réquiem.

Notas ao programa realizadas por

Montserrat Capelán

Investigadora da USC

Os meus pensamentos sobre o concerto de violín de Alban Berg

Das miñas orixes musicais xorde tamén a miña predilección polo *Concerto de violín* de Alban Berg. A lingua, o dialecto austríaco, van da man coa articulación e o colorido desta música. Mozart, Haydn, son os “primeiros pais” desta linguaxe musical.

Un concerto como o de Berg non debe tocarse diferente dun de Mozart. Necesítase a mesma transparencia, a mesma articulación, non é un concerto no sentido habitual, onde o solista está nun primeiro plano, é un diálogo camerístico, nalgúns momentos sumamente íntimo, entre todos os músicos.

Para min esta peza non é unicamente unha expresión da miña patria musical, senón un Requiem por unha rapaza falecida aos 19 anos. O primeiro movemento describe a súa mocidade desenfadada, a súa forte conexión coa natureza, o seu camiño cara a unha nova muller; o segundo movemento describe a súa enfermidade mortal, o seu sufrimento, a perda do control motor até o seu “berro de axuda” no momento da súa morte. Pero precisamente NON acaba a peza aí! Esta obra describe o camiño dunha alma aquí na Terra, a transformación a través da morte e da súa volta ao seu fogar de luz. Esta peza, esconde para min a sabedoría máis profunda de que a alma é finalmente inmortal e de como se pode expresar mellor algo inexpresable con palabras que con Música, á que se lle chamou a linguaxe dos anxos...

Birgit Kolar

Violinista

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 25 de abril
20.30 h

A CONTRATEMPO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Eun Sun Kim, directora

Fanny Mendelsohn-Hensel, *Abertura en Do maior*

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 22 en Mi bemol maior "O filósofo"*

M. Martínez, *Sinfonía en Do maior*

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 101 en Re maior "O reloxo" (do ciclo das Sinfonías Londres)*

19.45 h

Conversando con ... Eun Sun Kim

Xoves 2 de maio

20.30 h

OSG EN COMPOSTELA

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Eliahu Inbal, director

Okka von der Damerau, mezzosoprano

G. Mahler, *Kindertotenlieder*

A. Bruckner, *Sinfonía núm. 7 en Mi maior*
WAB107



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

